



## Concello de Parada de Sil

---

### **BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS QUE FOMENTEN A ESTANCIA TEMPORAL NA RESIDENCIA DE TERCEIRA IDADE DO CONCELLO DE PARADA DE SIL.**

#### **PREÁMBULO.**

O Concello de Parada de Sil pretende dar resposta ás necesidades xurdidas ante o incremento da poboación de terceira idade no municipio con necesidades e atender a demanda social de familias con persoas maiores a cargo para ser atendidos temporalmente en centros de terceira idade.

Por outra banda, o Concello de Parada de Sil é consciente da falta de suficientes recursos para dar unha resposta inmediata a estes problemas e da importancia que ten sobre a repercusión nos veciños de Parada de Sil, en moitos casos en situacións urxentes e de extrema de necesidade.

Considérase oportuno nestes momentos establecer subvencións para a estancia temporal en residencia para a terceira idade para veciños e veciñas de Parada de Sil, sendo un recurso que se pode rendibilizar e chegar a unha parte importante de familias do municipio que ven afectada a súa vida, pola atención directa a persoas maiores, por canto a cantidade de traballo, de esforzo e dedicación que esixe o coidado dunha persoa maior afecta de forma moi importante á vida do coidador e das persoas da súa contorna, sendo por iso necesario, na medida do posible, atender este tipo de situacións. Vese idónea esta oferta como unha ampliación dun recurso útil para o municipio de Parada de Sil, e cun obxectivo de dar solución a moitas das situacións descritas.

Por outra banda, tamén se pretende polo Concello de Parada de Sil dinamizar a economía das empresas do municipio e o emprego a través delas, axudando a promocionar aqueles recursos que poden ser de interese social sendo un dos actuais activos a residencia de terceira idade que se atopa situada no termo municipal no núcleo de Parada de Sil.

Asemade, a crise sanitaria derivada do COVID-19 crea un novo escenario onde os custos e gastos das actividades de coidado das persoas maiores sofren un importante incremento, xa que as persoas maiores son o principal colectivo dagnificado pola pandemia.

#### **ARTIGO 1.- OBXETO**

1. O obxecto da presente Ordenanza Municipal é a regulación da axuda económica para a estancia de carácter temporal e non permanente na residencia da terceira idade de Parada de Sil, entendendo por tal a estancia na residencia, polo período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do 2020, para



## Concello de Parada de Sil

---

veciños cuxo lugar de residencia e domicilio habitual é o municipio de Parada de Sil.

### **ARTIGO 2.- FINALIDADE**

A finalidade desta axuda é:

1.- Atender e aliviar aos familiares que atenden directamente a persoas maiores, que ven afectada a súa vida de distintas maneiras, aparecendo unha sensación de sobrecarga, sentimentos de malestar, de impotencia, depresión e nalgúns ocasións, conflitos familiares por desacordos entre a persoa que cuida e outros familiares, que afectan ao seu propio estado anímico e de saúde, que lle diminúen a súa liberdade e as súas posibilidades de traballo ou lecer.

2.- Axudar a persoas maiores que vivindo no seu domicilio ou cos seus familiares, pero con relativa autonomía, non necesitan ingresar nun centro residencial de forma permanente, pero en momentos puntuais poden atoparse en situacións en que necesiten ser atendidos de forma máis intensa debido a problemas de carácter sanitario ou social. Son as situacións que se xeran tras altas hospitalarias en períodos de convalecencia, convalecencia mesmo dos propios cuidadores, ou con outras necesidades de tipo laboral ou familiar que deban atender os seus cuidadores directos.

3.- Dinamizar a economía das empresas do municipio e o emprego a través delas, axudando a promocionar aqueles recursos que poden ser de interese social e entre estes, a ocupación da residencia de Parada de Sil.

### **ARTIGO 3.- RÉXIME APLICABLE.**

O réxime aplicable vén determinado pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Parada de Sil.

### **ARTIGO 4.- REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

Serán beneficiarios da axuda os veciños de Parada de Sil e reúnan os seguintes requisitos:

1.- Ser español ou estranxeiro con residencia legal en España que se estivesen empadroados no Concello de Parada de Sil, polo menos durante cinco anos no momento da presentación da solicitude (anexo I) e que se acreditará mediante un certificado de empadramento histórico.



## Concello de Parada de Sil

---

2.- Que se atopen ao corrente das súas obrigacións coa Facenda Pública e coa Seguridade Social, e non ter ningunha débeda co Concello de Parada de Sil.

3.- Que sexan persoas maiores de 60 anos, que precisen dalgún tipo de asistencia xeriátrica en calquera das súas modalidades, para válidos, semiasistidos e asistidos.

4.- Que estean temporalmente na Residencia de Terceira Idade do Concello de Parada de Sil e que se acreditará mediante un informe emitido polos Servizos Sociais.

### **ARTIGO 5.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.**

1.- As solicitudes da subvención presentaranse no prazo e no modelo de solicitude que se establece como Anexo I.

A presentación das solicitudes farase desde a publicación do extracto das presentes bases no BOP de Ourense e ata o día 15 de decembro do 2020.

Nas solicitudes e nas resolucións, no seu caso, farase referencia ao carácter retroactivo desde o 1 de Xaneiro do ano da convocatoria.

2.- As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, e presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes irán asinadas e acompañadas da documentación acreditativa que se especifique na convocatoria.

### **ARTIGO 6.- ÓRGANOS COMPETENTES E PROCEDEMENTO.**

Para os efectos previstos no artigo 22.1 da LXS o órgano colexiado competente será unha comisión técnica de avaliación que estará formada por:

Presidente: Alcaldía do Concello de parada de Sil, ou persoa en quen delegue.

Vogais: Traballador/a social e Secretario/a do Concello, ou persoas que as substitúan.

Secretario/a: empregado ou empregada pública designada para o efecto.

1.- Correspóndelle a esta Comisión técnica verificar que as solicitudes cumpren os requisitos esixidos na convocatoria.



## Concello de Parada de Sil

---

Se advertirse defectos formais ou omisión dalgún dos documentos esixidos, requirirá ao solicitante para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos no prazo de dez días hábiles, apercibíndolle que, de non facelo teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Poderán solicitar cuantos informes e asesoramento estime necesarios para resolver, requirir aos interesados de documentación complementaria no prazo de dez días, cando se considere que non quedou acreditado o cumprimento dalgún dos requisitos para resultar beneficiarios da subvención.

2.- Esta comisión realizará a proposta de resolución definitiva que elevará ao órgano competente para resolver, cando resulte procedente de acordo coas bases reguladoras.

3.- O órgano competente para resolver será o Alcalde, no prazo máximo de dez días naturais desde a data de elevación da proposta de resolución e notificarase aos interesados que fosen propostos como beneficiarios que se entenderá como aceptada, salvo comunicación expresa de renuncia.

4.- Mediante Resolución de Alcaldía tamén se acordará tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevida.

### **ARTIGO 7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E CONTÍA DA SUBVENCIÓN.**

1.- A contía desta axuda para cada beneficiario establecerase polo Concello en función da situación da persoa solicitante:

- 1) Situación de Dependencia nas ABVD (Actividades Básicas da Vida Diaria). Con valoración ata 23 puntos. Táboas Anexo II.

- 2) Situación económica. Con valoración ata 35 puntos. En relación coa situación económica deberán presentar a documentación que se indica:

- Certificado da contía da pensión, en caso de realizar declaración de IRPF, presentar copia da última declaración e certificado de rendementos bancarios do último ano:

- Contía menor ao IPREM anual (14 pagas).....15 puntos
- Contía igual ao IPREM anual (14 pagas) .....10 puntos
- Contía maior ao IPREM anual (14 pagas) .....5 puntos



## Concello de Parada de Sil

---

Para a ponderación da valoración terase en conta que o IPREM para o ano 2020 está fixado en 7.519,59 € si se teñen en conta 14 pagas.

- Certificado de saldos de contas bancarias á data actual (exercicio 2020) e dos 3 anos anteriores.

- Saldo medio dos 4 anos inferior a 6.000,00 € .....20 puntos.
- Saldo medio entre 6.000,00 € e 12.000,00 € .....15 puntos.
- Saldo medio entre 12.001,00 € e 18.000,00 € .....10 puntos.
- Saldo medio entre 18.001,00 € e 25.000,00 € .....5 puntos.

- Solicitantes con valoración entre 18,00 a 22,00 puntos ..... Axuda ..... 200,00 €/mes.

- Solicitantes con valoración entre 22,01 a 28,00 puntos ..... Axuda ..... 300,00 €/mes.

- Solicitantes con valoración entre 28,01 a 58,00 puntos ..... Axuda ..... 412,00 €/mes.

### **ARTIGO 8.- DOCUMENTACIÓN A APORTAR COA SOLICITUDE.**

As persoas interesadas deberán presentar xunto coa solicitude a seguinte documentación.

En relación coas RENTAS:

- Declaración de IRPF, de ser o caso.
- Declaración Xurada da percepción de pensión ou IT e certificado INSS ou entidade que realiza o pagamento.
- Certificado das entidades bancarias de rendementos económicos de contas bancarias.

En relación coas CONTAS BANCARIAS:

- Declaración Xurada sobre a relación de entidades bancarias.
- Certificados de saldos actualizados.
- Certificado de saldos medios bancarios dos tres últimos anos 2017, 2018 e 2019.

Ademais, deberán presentar Certificados de estar ao corrente nas obrigacións tributarias (Facenda Xunta de Galicia Axencia Tributaria) e Seguridade Social.

Valorarase cada solicitude e establecerase unha orde de prelación en función da puntuación obtida e determinarase a axuda económica do concello.



## Concello de Parada de Sil

---

Si se superase o límite orzamentario concederanse preferentemente por orde de puntuación, quedando en lista de espera as solicitudes con obtención da menor puntuación.

### **ARTIGO 9.- EMERXENCIA SOCIAL.**

Estas axudas son para situacións distintas da emerxencia social.

### **ARTIGO 10.- XUSTIFICACIÓN E ABONO.**

1.- As axudas faranse efectivas unha vez aprobadas e abonaranse directamente aos beneficiarios ou á entidade xestora da residencia, se así o indicasen na solicitude. O pago realizarase mediante transferencia bancaria ao IBAN que figurará na solicitude.

2.- Dará dereito á percepción da axuda estar no centro residencial o primeiro día de cada mes. A estancia na residencia será supervisada polos Servizos Sociais do Concello.

4.- Non se efectuarán pagos anticipados nin abonos a conta da subvención. A axuda concederase por €/mes e non se terán en conta fraccións de mes.

5.- A obtención fraudulenta da subvención será causa de revogación da subvención concedida, estando obrigados os beneficiarios para reintegrar a este Concello a cantidade percibida e os intereses correspondentes, independentemente das responsabilidades civís e penais que puidesen conlevar a infracción cometida, conforme ao establecido respecto diso na Lei Xeral de Subvencións.

### **ARTIGO 11.- INCOMPATIBILIDADE.**

Estas axudas serán incompatibles con outras subvencións da mesma natureza e para a mesma finalidade, procedente de calquera Administración ou entidade pública ou privada, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

### **ARTIGO 12.- ORZAMENTO.**

A concesión de axudas reguladas nesta orde será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 231.480 do exercicio orzamentario do ano 2020 e que conta cun orzamento total de 40.000,00 €.

### **ARTIGO 13.- PUBLICIDADE.**



## Concello de Parada de Sil

---

1.- As presentes bases serán publicadas na Sede Electrónica do Concello de Parada de Sil así como no Taboleiro de Anuncios da Corporación.

Un extracto das mesmas, será publicado no BOP de Ourense.

2.- Para dar cumprimento ao principio de publicidade regulado no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, un extracto das presentes bases remitiranse á Base de Datos Nacional de Subvencións,

### **ARTIGO 14.- RÉXIME DE PROTECCIÓN DE DATOS.**

1. O tratamento polo Concello de Parada de Sil dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes conforme ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa para facilitarlle estes datos ao Concello de Parada de Sil determinará a perda do dereito da persoa interesada a obter a subvención obxecto do presente procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados de que os datos fornecidos coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración dá a súa solicitude.

Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeneral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e o artigo 8.1. c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións e no portal de transparencia.

Os interesados poderán solicitar en todo momento ao Alcalde/Presidente do Concello de Parada de Sil o acceso aos seus datos, así como a súa



## Concello de Parada de Sil

---

rectificación, de ser o caso. E poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dous os seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

### **ARTIGO 15.- RÉXIME DE RECURSOS.**

Contra a aprobación das presentes bases, como acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data.

Parada de Sil, 2 de novembro de 2020





## Concello de Parada de Sil

### ANEXO I

#### **SOLICITUDE PARA A OBTENCIÓN DAS AXUDAS DE ESTANCIA TEMPORAL NA RESIDENCIA DE TERCEIRA IDADE DO CONCELLO DE PARADA DE SIL**

D. \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ en nome propio, en representación de

\_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ con domicilio en

**SOLICITO** a subvención para a estancia temporal na Residencia de Terceira Idade de Parada de Sil e aporto a seguinte documentación:

- ⇒ Declaración de IRPF, de ser o caso.
- ⇒ Declaración Xurada da percepción de pensión ou IT e certificación do INSS.
- ⇒ Certificado das entidades bancarias de rendementos económicos de contas bancarias.
  
- ⇒ Declaración Xurada sobre a relación de entidades bancarias.
- ⇒ Certificados de saldos actualizados 2020.
- ⇒ Certificado de saldos bancarios dos tres últimos anos: 2017, 2018 e 2019.

Ademais, deberán presentar Certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias (Facenda da Xunta de Galicia e Axencia Tributaria) e Seguridade Social.

Indicar nº de conta IBAN onde se ingresará o importe da subvención:

Parada de Sil, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

O/A interesado/a,



## Concello de Parada de Sil

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_  
en nombre propio, en representación de

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ con \_\_\_\_\_ domicilio  
en \_\_\_\_\_

#### DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE:

1.- Non me atopo en ningún dos supostos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

2.- Estou ao corrente das obrigacións fiscais co Concello de de Parada de Sil, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, con Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesourería da Seguridade Social.

3.- Non solicitei, nin me concederon, nin están pendentes de resolución outras subvencións ou axudas das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, para a mesma finalidade que a solicitada nesta subvención.

4.- Percibo no ano 2020 en concepto de pensión/ IT a cantidade de ..... € e por rendementos económicos de contas bancarias a cantidade de ..... €.

5.- Que son titular de (nº) ..... contas nas seguintes entidades bancarias:

Parada de Sil, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

O/A interesado/a,



## Concello de Parada de Sil

### **ANEXO II. Bloque 1. Situación de Dependencia nas ABVD (Actividades Básicas da Vida Diaria).**

Mediante este cuestionario de 46 ítems valorables, trátase de averiguar a capacidade de desempeño que posúe o solicitante respecto a un conxunto de actividades. Esta capacidade determinase en tres grados e unha valoración total de 23 puntos:

**SA-Sen Axuda.** A persoa valorada é capaz de realizar a tarefa sen o apoio de outra persoa. Puntuación 0.

**SP-Supervisión/Preparación.** A persoa valorada só necesita que outra persoa lle prepare os elementos necesarios para realizar a actividade e/ou lle faga indicacións ou estímulo, sen contacto físico para realizar a actividade correctamente. Puntuación 0,25.

**AFM-Asistencia física máxima.** A persoa valorada require que outra persoa a sustitúa na realización física da actividade. Puntuación 0,50.

| ACTIVIDADES E TAREAS        |                                     |      |      |       |
|-----------------------------|-------------------------------------|------|------|-------|
| ASEARSE                     | LAVARSE AS MANS                     | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|                             | LAVARSE A CARA                      | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|                             | LAVARSE A PARTE INFERIOR DO CORPO   | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|                             | LAVARSE A PARTE SUPERIOR DO CORPO   | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
| VESTIRSE                    | CALZARSE                            | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|                             | ABROCHARSE OS BOTONS                | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|                             | VESTIRSE PRENDAS DA PARTE INFERIOR  | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|                             | VESTIRSE PRENDAS DA PARTE SUPERIOR  | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
| OUTROS COI-DADOS COR-PORAIS | PEINARSE                            | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|                             | CORTARSE AS UNLLAS                  | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|                             | LAVARSE O PELO                      | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|                             | LAVARSE OS DIENTES                  | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
| TAREFAS DO-MÉSTICAS         | PREPARAR COMIDAS                    | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|                             | FACER A COMPRA                      | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|                             | LIMPAR E COIDAR DA VIVENDA          | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|                             | LAVAR E COIDAR A ROPA               | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|                             | ABRIR BOTTILLAS E LATAS             | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|                             | CORTAR OU PARTIR A COMIDA EN ANACOS | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |



## Concello de Parada de Sil

|  |  |      |      |       |
|--|--|------|------|-------|
| <b>COMER E BEBER</b>                     | USAR CUBERTOS PARA LEVAR A COMIDA Á BOCA       | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | SUXEITAR O RECIPIENTE DE BEBIDA                | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | ACERCARSE O RECIPIENTE DE BEBIDA Á BOCA        | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
| <b>TRANSFERENCIAS CORPORALES</b>         | SENTARSE                                       | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | TUMBARSE                                       | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | PORSE DE PE                                    | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | TRANSFERIR MENTRES SENTADO                     | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | TRANSFERIR MENTRES DEITADO                     | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
| <b>DESPRAZARSE FORA DO FOGAR</b>         | ACCEDER AO EXTERIOR DO EDIFICIO                | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | DESPRAZARSE AO REDOR DO EDIFICIO               | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | REALIZAR DESPRAZAMENTOS CERCANOS               | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | REALIZAR DESPRAZAMIENTOS AFASTADOS             | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | EMPREGAR MEDIOS DE TRANSPORTE                  | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
| <b>REGULACION DA MICCIÓN/ DEFECACIÓN</b> | ACUDIR A UN LUGAR ADECUADO                     | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | MANIPULAR A ROUPA                              | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | ADOPTAR E ABANDONAR A POSTURA ADECUADA         | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | LIMPARSE                                       | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | CONTINENCIA EN MICCIÓN                         | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | CONTINENCIA EN DEFECACIÓN                      | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
| <b>MANTENIMENTO DA SAUDE</b>             | APLICARSE AS MEDIDAS TERAPÉUTICAS RECOMENDADAS | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | EVITAR RISCOS DENTRO DO DOMICILIO              | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | EVITAR RISCOS FORA DO DOMICILIO                | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | PEDIR AXUDA ANTE UNHA URXENCIA                 | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
| <b>TOMA DE DECISIONS</b>                 | ACTIVIDADES DE AUTOCOIDADADO                   | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | ACTIVIDADES DE MOVILIDADE                      | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | TAREFAS DOMÉSTICAS                             | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | RELACIONSS INTERPERSONAIS BÁSICAS E COMPLEXAS  | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |
|  | XESTIÓN DO DIÑERO                              | SA-0 | SP-1 | AFM-2 |